

Bibliografía (XII)

Felipe Arias Vilas

Sen necesidade de insistirmos na xustificación que no seu día deu lugar a esta sección de *CROA*, que chega xa á súa duodécima entrega, e remitindo ás anteriormente publicadas á hora de explicar os criterios utilizados nela, pasamos a sinalar e comentar brevemente os títulos que fan referencia, máis ou menos substancial e relevante e con moitas gradacións, ó Castro de Viladonga e ó seu Museo anexo. Cómpre lembrar tamén aquí que os títulos de tema castrexo, en todas as súas etapas (incluída a galaico-romana), poden verse recollidos integramente na publicación electrónica *e-Castrexo*, dentro do sitio web (www.aaviladonga.es) que patrocina a Asociación de Amigos do Castro e que tan eficazmente “governa” e actualiza Enrique Montenegro Rúa.

* Filomena DORREGO MARTÍNEZ: “Nota descritiva dalgúns fragmentos de crisois atopados no Castro de Viladonga”, *Croa*, 14, 2004, p. 9-11.- Como indica claramente o seu título, trátase dun somero achegamento a uns materiais de grande interese para coñecer aspectos relacionados coas actividades metalúrxicas, ben representadas en Viladonga.

* C. CARRERAS /G. MURILLO / L. SOLANILLA (Grupo OBILA IN3): “Museos on-line: nuevas prácticas en el mundo de la cultura”, (publicación en Internet, formato PDF [http://obila.uoc.es/obila/publicacions/Museos_on-line.pdf], s.p.- Nunha análise abondo documentada e coherente sobre o tema de referencia, fanse unhas consideracións sobre o sitio web da Asocia-

ción de Amigos, como un “exemplo interesante” do que se pode lograr neste ámbito (engadiríamos nós, con poucos medios pero grande vontade e dedicación).

* N. SANTOS YANGUAS e Florencio GARCÍA MÉNDEZ (Fotografías): *El Imperio Romano y el oro de los Astures*, (Ed. Cajastur), Oviedo 2004, passim.- Voluminosa e luxosa publicación onde destacan por dereito propio as ilustracións fotográficas, numerosas e impresionantes no seu conxunto e no detalle de cada unha delas. Mágoa que a presenza entre elas de moitas das estruturas e dos materiais do Castro de Viladonga non se vexan acompañadas dunha soa mención nin no texto nin na bibliografía.

* A. RODRÍGUEZ COLMENERO / S. FERRER SIERRA / R.D. ÁLVAREZ ASOREY: *Miliarios e outras inscricións viarias romanas do Noroeste hispánico*. (Consello da Cultura Galega), Santiago de Compostela 2004, p. 710.- Dentro desta voluminosa e agardada publicación, que leva como pre-título *Gallaeciae et Asturiae Itinera Romana* e por subtítulo *Conventos Bracarense, Lucense e Asturicense*, inclúese a ara ós Lares Viáis de Arcos (Pol), exposta no Museo do Castro de Viladonga, engadindo algúns datos, máis ben poucos e algo errados sobre todo na plasmación cartográfica, da vía romana que unía *Lucus Augusti* coa terra dos Albións na bocarribeira do Eo.

* P. de LLANO NEIRA / M. PAZOS OTERO: “Musealización, turismo cultural y desequilibrios

espaciales en Galicia: 1992-2004”, *Quintana*, 3, 2004, p. 170-171.- Nunha análise irregular do estado da cuestión museística galega, inclúese a Viladonga, dentro dunha consideración xeral xunto con outros centros moi diversos, como un museo “de escasa proyección y trascendencia hacia la planificación territorial y las economías locales...”, aserto este que dubidamos teña apoiatura en estudos demorados sobre o noso caso, especialmente na etapa que segundo o título se di abranguer.

* M. SIENES HERNANDO: *As imitações de moedas de bronce do século IV d.C. na Península Ibérica: o caso do Ae2 Reparatio Reipub*, *Trabalhos de Arqueologia - 13*, (Instituto Português de Arqueologia), Lisboa 2000, passim.- Inclúe diversas referencias soltas ós “tesouros” de *nummi* (que non de *folles*) do reinado de Magnencio e do periodo 353-358 aparecidos no Castro de Viladonga, a partir das publicacións de J.J. Cepeda Adán, xa comentadas no seu día nesta sección de *CROA*.

* *Museum International*, 207, 3, 2000, p.63.- No apartado denominado ‘Foro’, o autor destas liñas intervén en resposta ou comentario á enquisa do chorado Kenneth Hudson sobre os Departamentos de Educación nos museos, explicando os criterios, parámetros de actuación, funcionamento e aproveitamento dos Programas de Acción Didáctica do Museo de Viladonga, facendo referencia tamén á importancia da educación permanente e non regulada.

* R. VILLAR QUINTEIRO: “Museos y Didáctica: estado de la

cuestión”, *Revista de Museología* (A.E.M.), 29, 2004, p.15-24.- Sobre o mesmo tema antes comentado, a autora, experta en traballos sobre arqueoloxía e patrimonio, fai diversos e breves comentarios, maiormente laudatorios sobre aqueles Programas Didácticos de Viladonga.

* A. RODRÍGUEZ RESINO: *Do Imperio Romano á Alta Idade Media. Arqueoloxía da Tardoantigüidade en Galicia (s. V-VIII)*, (Ed. Toxosoutos), Noia 2005, p. 165 e 171-172.- O autor inclúe mencións á Castro de Viladonga, como referente característico dun tipo de hábitat rural baixoimperial, pero curiosamente

dá máis información sobre o caso de Viladonga, en xeral ben acaída, no comentario das ilustración ca no propio texto.

* J.M. AYÁN VILA: *Arqueotectura 2: La vivienda castreña. Propuesta de reconstrucción en el Castro de Elviña*, (Traballos en Arqueoloxía da Paisaxe - TAPA-, 23, (L.A.F.C.-USC), Santiago de Compostela 2001, p. 73 s.- Nun breve apartado fai unhas consideracións maiormente laudatorias sobre o conxunto do Castro de Viladonga, como figura de adecuación e explicación do Patrimonio Arqueolóxico “partiendo de un enfoque museístico

realmente innovador dentro del ámbito gallego”.

F. ARIAS VILAS: “Museo do Castro de Viladonga (Castro de Rei)”, *Arte e Cultura en Galicia e o Norte de Portugal. Museos*, Vigo 2005, vol. I, p.147-166.- Aínda que se fixo esperar desde hai anos, iniciouse agora esta serie, de grande formato e luxo, sobre museos galegos e portugueses, ordenada por orde alfabética de concellos. Viladonga merece varias páxinas cun texto que resume a importancia e características deste conxunto arqueolóxico e museístico, cun abundante e en xeral coidado aparato gráfico.



Publicado en versión electrónica en:

<http://www.aaviladonga.es/e-castrexo/es/bviladonga.htm> · <http://www.aaviladonga.es/e-castrexo/ga/bviladonga.htm>